

NOTA INFORMATIVA
AXENDA

Sábado 24

III Semana Cultural do Centro Sociocultural de A Trisca

10.30 h

- Mercadillo de actividades para nenos/as a cargo das mestras de pedagogía Waldford, "mañanas creativas". Aula de xogo.

12.00 h

- Taller de xogos con máquinas e ferramentas. Aula de talleres.

17.00 a 21.00 h. ZOCO PERSOA MÁQUINA

- Mercadillo de máquinas e das persoas que as utilizan creativamente.
- Espazo de mostra electrónica, arte, comunicación e alimentación (consulta programa específico).

21.00 h.

Teatro

No Teatro Principal, "*Unha noite con Gabino*" con Gabino Diego dirixido por Gina Piccirilli.

22.30 h.

Teatro

Na Sala Yago Teatro do Noroeste, Cámara Negra Teatro e Noescafé Teatro representan *A Casa do Pai*.

Domingo 25

12.00 h.

Na Catedral de Lugo, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á ofrenda do Corpus.

12.00 h.

Na rúa do Vilar, concerto da Banda Municipal de Música de Santiago, dirixido por Amador Santos Bartolomé. Programa:

I

LOLA LUJÁN.....P.D.....M. GALDUF
LA ALEGRÍA DE LA HUERTA.....Fantasía.....F. CHUECA
NABUCCO.....Obertura.....G. VERDI

II

SEMÍRAMIS.....Obertura.....G. ROSSINI
WEST SIDE STORY.....Fantasía.....L. BERSTEIN
24C.....P.D.....PÉREZ SEARA

19.00 h.

Teatro

Na Sala Yago Teatro do Noroeste, Cámara Negra Teatro e Noescafé Teatro representan *A Casa do Pai*.

Luns 26

11.30 h.

Na Casa do Concello, a concelleira de Educación, Elvira Cienfuegos, presenta a Escola Municipal de Verán 2006.

12.00 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibe ao embaixador de Nova Zelanda, Geoff Ward.

12.30 h.

Na Casa do Concello, o voceiro do grupo de goberno, Francisco Candela, exporá en **ROLDA DE PRENSA** o resumo dos acordos adoptados na última sesión da Xunta de Goberno Local.

18.00 h.

Cinema

No Teatro Principal comeza o ciclo de cine "*Imaxes contra o esquecemento*".

20.00 h.

No Salón de Plenos da Casa do Concello, reunión do Consello Municipal de persoas maiores.

20.30 h.

Na Casa do Concello, o primeiro tenente de alcalde, Néstor Rego e o concelleiro de Relacións Veciñais, Manuel Portas, reúnense cos membros da Asociación de Veciños Ponte do Romáño.

NOTA INFORMATIVA

Finaliza a semana cultural da Trisca, adicada á interacción creativa entre máquinas e persoas

Mañá sábado 24 de xuño, o Centro Sociocultural A Trisca, no último día da III Semana Cultural, propón un achegamento íntimo ao mundo das máquinas. A través de variadas actividades, o público coñecerá e experimentará con numerosas máquinas, ferramentas e instrumentos, dirixidas a fomentar a curiosidade e a creatividade.

Durante toda a semana cultural deste ano, dende A Trisca quíxose dar a coñecer a nosa relación íntima coas máquinas, que nos axudan a crear e a desenvolvernos como persoas. Así mesmo pretendíase amosar diferentes propostas culturais e artísticas achegadas por cidadáns. "Máis aló da obsesión polos produtos finais, o noso interese consiste en dar a coñecer procesos culturais, de aprendizaxe, relacións e investigacións que se dan na cidade", sinalan desde o propio Centro Sociocultural.

En horario de mañá, a partir das 10.30 horas, mestras de pedagogía Waldford desenvolverán un mercadillo de actividades para nenos e nenas, no marco da acción pedagóxica que veñen desenvolvendo durante todo o ano coa infancia. Ás 12.00 horas realizarase un taller de xogos con máquinas e ferramentas.

En horario de tarde, de 17.00 a 21.00 horas, desenvolverase o Zoc Mak, mostra de máquinas e

persoas creativas. Está concibido coma un espacio de mostra de diferentes formas de expresión cultural e cunha posta en escena propia dun mercado.

Na proposta maquineira do Zoco Mak está presente o ruído dixital por VX, fotografía e internet por José Pereira, cociña por Sandra Freire, pandeireta por Raquel Ayaso, soportes de son por Iago Portela, ilustración e animación por Arteaga e produción de chapas por Xesús Feás. Os "mercaderes" transmitirán o sentido e as cualidades das súas máquinas, das súas accións e dos procesos produtivos e creativos xerados sempre na interacción "máquina e persoa".

Durante catro horas búscase crear entre "mercaderes" e o público asistente unha dinámica relacional orientada a experimentar coas máquinas, e ao diálogo e intercambio de coñecementos. Os mercaderes non só amosarán procesos e obras xa finalizadas; tamén explicarán os proxectos nos que están inmersos. Ademais, invítase ao público asistente a que traia, amose e comparta durante o Zoco Mak as súas amadas máquinas.

Na preparación do Zoco Mak, Espazo Xove, que é un servizo de mediación e produción sociocultural da Rede Municipal de Centros Socioculturais, coordinou a participación de artistas e técnicos con diferentes intereses e habilidades na utilización de máquinas. No evento Zoco Mak colaboran a galería de arte DF Arte Contemporánea, a publicación cultural www.jpereira.net e Electrodomésticos Juan Portela Seijo.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2006